




Título: Pedagogía de la convivencia
Autor: Xesús R. Jares
Colección: Biblioteca de Aula
Editorial: Graó
Ano de edición: 2006
Páxinas: 175


Este libro xorde da experiencia persoal do autor como profesor, formador de formadores, deseñador e coordinador de programas de convivencia, investigador, mediador e pai. É, pois, un estudo asentado na experiencia reflexiva, na investigación e na intervención en diferentes contextos educativos.

O primeiro capítulo indaga nos marcos e contidos da pedagogía da convivencia, así como nos factores desagregadores da mesma. No segundo expóñense os principais resultados da investigación "Conflicto y convivencia en los centros educativos de secundaria". No terceiro preséntanse diversas proposicións para os diferentes ámbitos do centro educativo. No cuarto abórdase a experiencia da posta en marcha do servizo de mediación nun centro de secundaria. O quinto e último capítulo, está dedicado ao papel das familias na educación para a convivencia.

Título: Matemáticas e interculturalidad
Autores: Varios
Serie: Didáctica de las matemáticas / Atención a la diversidad
Colección: Biblioteca de Uno, 232
Editorial: Graó
Ano de edición: 2006
Páxinas: 149



A problemática asociada á aprendizaxe e ao ensino das matemáticas vai mudando segundo evoluciona a sociedade na que se dá este proceso. Sen dúbida ningunha, a globalización e os problemas que con ela se asocian ocupan un lugar preponderante nas dinámicas da nosa sociedade. Esta deixou de ser un grupo homoxéneo de persoas con referencias culturais uniformes e converteuse en poucas décadas nunha sociedade multicultural. A ensinanza das matemáticas non pode deixar de certificar esta situación e parece que deba pasar dunha concepción cultural única a unha visión máis poliédrica da relación, sempre interesante, entre ela e o medio social no que se dá. Os lectores deste libro teñen a oportunidade de ler en poucas páxinas unha visión caleidoscópica, á vez que completa, desta problemática. O volume está destinado ao amplo público dos docentes de matemáticas de todos os niveis de ensino.




Título: ¿Se nasce musical? Cómo promover las aptitudes musicales de los niños
Autora: Johannella Tafuri
Serie: Didáctica de la educación musical
Colección: Biblioteca de Eufonía 234
Editorial: Graó
Ano de edición: 2006/**Páxinas:** 207

A que idade empezan a cantar os nenos e as nenas? E a tocar con intención musical? E a tocar con ritmo? Nácese xa dotado ou non para a música? Que papel ocupa o interese que manifestan os pequenos...?

Este libro responde a estas e a outras preguntas baseándose nos resultados dunha investigación científica realizada durante seis anos: o proxecto inCanto. Primeiro preséntanos actividades musicais con nais preñadas, e logo, encontros musicais con elas e cos seus fillos. Os progresos obtidos nos primeiros tres anos de vida desvelaron por primeira vez algúns puntos clave do desenvolvemento musical, o papel determinante da familia e o logro precoz de determinadas capacidades.

O volume inclúe un CD con anacos das gravacións, mostras dos resultados acadados, ao tempo que propón unha serie de actividades para estimular e satisfacer a predisposición de todos os rapaces e rapazas cara á música.




Título: A calidade educativa dos centros docentes. Valoración e desenvolvemento
Autor: Luis Sobrado
Editorial: ICE (Instituto de Ciencias da Educación)- Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
Ano de edición: 2006
Páxinas: 333

O propósito principal deste libro é dar a coñecer unha valoración externa de 41 centros galegos de ensino primario e secundario. O estudo contou coa axuda da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, e levouno a cabo un numeroso equipo de investigadores. Nel tiveronse en conta os resultados competenciais do alumnado nas matemáticas, o contexto sociocultural, os procesos educativos nas aulas e nas institucións educativas, así como as actitudes, os valores e o desenvolvemento socioemocional dos escolares. Considerouse, así mesmo, a valoración das familias, do profesorado e do alumnado sobre a organización e o funcionamento dos centros.

O devandito estudo achega suxestións e propostas de actualización no eido da avaliación da excelencia e calidade dos establecementos educativos.

Título: Control de procesos para mejorar la calidade de la enseñanza
Autor: Gonzalo Gómez Dacal
Colección: Educación al día. Monografías Escuela Española
Editorial: Praxis
Ano de edición: 2006
Páxinas: 277




Que é K Sigma? K Sigma é unha filosofía dende a que se reinterpreta o papel e o funcionamento dos sistemas escolares e, especialmente, das súas unidades operativas, as institucións docentes, como compoñentes do sistema social e responsables de impartir un servizo crítico para a estabilidade e desenvolvemento das sociedades: o servizo de ensinanza escolar. É tamén unha nova tecnoloxía que procura que a prestación do servizo de ensinanza sexa efectiva e eficiente.

Este libro pretende:

Presentar a teoría K Sigma da escola.

Ofrecer información sobre a tecnoloxía que se desenvolveu no marco de pensamento K Sigma para a análise dos procesos conducentes á calidade da ensinanza.

Identificar e analizar algúns dos procesos máis significativos para converter as institucións escolares en organizacións efectivas e eficientes.



Título: La autoridad del profesor. Qué es la autoridad y cómo se adquiere
Autor: M^ª Rosa Esplot
Colección: Educación al día. Monografías Escuela Española
Editorial: Praxis
Ano de edición: 2006
Páxinas: 267

A autoridade é unha cuestión que foi sempre moi discutida e séguese a ser hoxe en día. Este volume ten dous obxectivos. O primeiro é presentar un estudo teórico do concepto de autoridade. O segundo, ofrecer unhas propostas didácticas para a formación do profesorado que os capacite en autoridade. Presenta, así mesmo, unha análise da autoridade en relación ao xénero e unha proposta didáctica para a formación do profesorado novo. O libro pecha cunha colección de cartas que unha experimentada profesora de secundaria escribe a una profesora moza nos seus comezos profesionais.




Título: Bienvenido, Juan. Cartas a un niño que va a nacer
Autores: María Novo, Francesco Tonucci
Serie: Comunidad educativa
Colección: Micro Macro Referencias, 10
Editorial: Graó
Ano de edición: 2006
Páxinas: 162

Cando unha nai e un pai agardan a chegada dun fillo preséntanselles moitas interrogantes: será neno ou nena? nacerá san...?. Tamén cuestionan o seu propio papel: como haberá que tratalo? saberemos facelo ben...? Outro tanto lles sucede ás persoas que deciden dedicarse á educación infantil. Estudaron diferentes enfoques científicos pero, ao final, sempre teñen a dúbida de como poderán aplicalos do mellor xeito posible.

As dez cartas que compoñen este libro pretenden contribuír a encontrar respostas a estes asuntos, a orientar os futuros pais, nais e educadores. Mais fano –esta é a súa contribución innovadora– non situándose “dende fóra” e dando fríos consellos, senón dende o corazón e o sentimento, a partir das cartas que unha futura nai lle vai escribindo, mes a mes, ao fillo que vai ter.


Título: SOS BULLYING. Prevenir el acoso escolar y mejorar la convivencia
Autor: Ferran Barri
Colección: Educación al día. Monografías Escuela Española
Editorial: Praxis
Ano de edición: 2006
Páxinas: 167



Esta obra trata de poñer de manifesto a situación que vive o sistema educativo español analizando de maneira detallada as diferentes problemáticas coas que conviven diariamente os membros da comunidade educativa.

A xuízo do autor, psicólogo e coordinador de SOS Bullying, asociación creada para combater o fracaso escolar, que canaliza gran parte das denuncias que se producen por casos deste tipo. Os docentes estanse atopando con situacións conflitivas que prexudican tanto a alumnos como a mestres, e cunhas normativas excesivamente permisivas que lles impiden desenvolver axeitadamente a súa función social, que non é outra que educar.

Neste libro analízanse estas situacións e fanse propostas concretas para mellorar a convivencia nas aulas.




Título: Europa, Europa
Autores: López Mira, X. A. - Cancela Outeda, C. (Coord.)
Editorial: Tórculo Edicións, S.L.
Ano de edición: 2006
Páxinas: 333

Este libro nace co desexo de reflectir o vivido no seminario de título homónimo celebrado en Pontevedra en setembro de 2005 no marco das actividades desenvolvidas pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo (UIMP). Estas foran organizadas co obxectivo de tirar á superficie a mancha de ideas que atesoura como patrimonio común a expresión Europa.

A obra artéllase en catro grandes bloques temáticos que, en liñas xerais seguen as do programa do Seminario: a construción dun espazo de xustiza, liberdade e seguridade na Unión Europea, o poder rexional no marco multigobernamental europeo, a organización dunha política exterior e de defensa e, como colofón, o futuro da Unión Europea.

O volume foi coordinado polos profesores da Universidade de Vigo, Xosé Álvaro López Mira e Celso Cancela Outeda.



Título: Good Will Hunting

Ano: 1997

Nacionalidade: USA

Xénero: Drama

Duración: 122 m.

T. orixinal: Good Will Hunting

Dirección: Gus Van Sant

Intérpretes: Matt Damon, Ben Affleck, Robin Williams, Minnie Driver.

Will, rapaz superdotado para as ciencias traballa nos servizos de limpeza dunha prestixiosa Universidade de Matemáticas e un día resolve un problema ao que ningún alumno fora quen de dar resposta. O seu anonimato pérdese por causa dun profesor da Universidade, que tenta que Will tire o máximo proveito das súas facultades. Will ten uns amigos, que coma el, proceden dos barrios baixos. Eles están contentos coa súa situación e non fan ren para melloralala. A súa filosofía da vida consiste en facer un traballo sinxelo, comer, pelexarse na rúa e, máis que nada, beber.

Nunha destas refregas, Will asáñase brutalmente cun mozo e é xulgado e condenado. O profesor será quen vai quedar coa súa custodia tras o pagamento da fianza. E o xuíz accederá coa condición de que Will vaia visitar con regularidade un psiquiatra.

Título: Pequena Miss Sunshine

Ano: 2006

Nacionalidade: USA

Xénero: Comedia

Duración: 101 m.

Dirección: J. Daylon, Valerie Faris

Intérpretes: Steve Carell, Toni Collette, Greg Kinnear, Alan Arkin, Beth Grant.



Pequena Miss Sunshine relata as peripecias dunha familia que emprende unha viaxe por estrada para levar a filla pequena a un concurso de beleza infantil. Os membros desta familia son torpes, desorganizados e miserentos, tanto, que resultan moi reais. O pai dedícase a vender libros de autoaxuda, non con demasiada fortuna. Ao avó acaban de expulsalo da residencia de anciáns pola súa adicción á heroína e o seu carácter trouleiro. O cuñado é un gai con inclinacións suicidas e o fillo maior só se comunica cos demais a través dun caderno. A máis normal é a filla pequena que, a pesar de ser gordiña e ter lentes, mantén a ilusión de se converter en Miss América.

Un día, unha chamada de teléfono cambia a vida desta familia. Collen a súa vella furgoneta e van a California onde se celebra un certame de beleza infantil. É unha mestura de comedia e drama.



Título: Cadena de favores

Ano: 2000

Nacionalidade: USA

Xénero: Drama

Duración: 122 m.

T. orixinal: Pay it forward

Dirección: Mimi Leder

Intérpretes: Kevin Spacey, Helen Hunt, Harley Joel Osment, Jay Mohr, James Caviezel (Jerry)

Un profesor coa face e a alma igualmente cheas de cicatrices, decide asignarlles aos seus estudantes a tarefa de buscar métodos para mellorar o mundo, ou, cando menos, para favorecer a comunidade que os rodea.

Un dos rapaces toma moi en serio a proposta do seu mestre e inventa un sistema inxeniosamente simple: a súa idea consiste en axudar a tres persoas en algo que non poderían lograr por si mesmas, e en lugar de devolver o favor un por un, cada unha desas tres deben axudar a outras tres, e así sucesivamente.

A estrutura dun negocio de pirámide aplicada á mellora do mundo comeza a se dispersar por Estados Unidos valendo a moita xente no proceso.